



# CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

## ANUNCIO

### **PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, SETE PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DE PERSOAL LABORAL FIXO DESTA CONCELLO. ACORDOS DO TRIBUNAL E DATA DO 1º EXERCICIO.**

O Tribunal cualificador do procedemento, nomeado por Resolución da Alcaldía do 21 de setembro, constituído o día 7 de outubro de 2022, adoptou os seguintes acordos:

- **1º EXERCICIO: Consistente nunha proba escrita, tipo test, de 100 preguntas a desenvolver en 180 minutos, con tres respostas alternativas, sobre o contido do programa, sumando cada resposta correcta 0,10 puntos e non restando as non contestadas ou contestadas incorrectamente.**

O Tribunal acorda que este exercicio se realice de forma anónima, identificándose os candidatos/as cun número que lles será asignado ao chou e que lles será entregado nun sobre que conterá unha ficha onde deberán cubrir os seus datos persoais, sobre que deberán entregar pechado xunto coas respostas da proba e que non se abrirá ata despois da súa corrección, de xeito que non se poida coñecer a identidade do autor da proba.

- **2º EXERCICIO: Consistente en desenvolver por escrito durante 180 minutos un tema, relacionado coa práctica profesional, elixido ao chou de entre os temas 11, 13, 15 e 16 da parte II e os temas 17 a 21 da parte III das bases.**

De conformidade coas bases, valoraranse os coñecementos, a formación xeral sobre a materia relacionada co posto de traballo que se convoca, a capacidade, a claridade expositiva e de ideas, precisión e rigor na exposición, e comprensión da materia.

O Tribunal elabora a seguinte rúbrica para a avaliación e cualificación desta proba:

### **RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO:**



# CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Trátase dun sistema selectivo competitivo, onde se valorará con maior puntuación ao candidato/a que máis ideas e coñecementos aporte, valorándose do seguinte xeito:

## 1. Coñecementos sobre o tema que se pregunta:

- Resposta a todos os epígrafes do tema segundo o temario da convocatoria de maneira correcta.....3,5 puntos.
- Resposta de alomenos a metade dos epígrafes do tema segundo o temario da convocatoria de maneira correcta.....1,75 puntos.
- Resposta a menos da metade dos epígrafes do tema segundo o temario da convocatoria de forma correcta ou resposta incorrecta aos epígrafes..... 0 puntos.

## 2. Formación xeral e comprensión da materia: contestación ao tema relacionando os coñecementos co posto de traballo ofertado:

- Ben..... 3,5 puntos
- Regular.....1,75 puntos
- Mal.....0 puntos

## 3. Claridade expositiva e de ideas:

- Ben..... 1,5 puntos
- Regular.....0,75 puntos
- Mal.....0 puntos

## 4. Precisión e rigor na exposición:

- Ben..... 1,5 puntos
- Regular.....0,75 puntos
- Mal.....0 puntos

Conforme ao establecido na base oitava, o Tribunal determinará o nivel mínimo de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto en cada unha das probas.



## CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

Por último, o Tribunal acorda que o 1º exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente nunha proba escrita tipo test de 100 preguntas, a desenvolver en 180 minutos, se celebre o **día 20 de outubro, xoves, ás 10:00 horas no CEIP PLURILINGÜE DO CORGO.**

O Corgo, 7 de outubro de 2022

O SECRETARIO DO TRIBUNAL,

Marco A. García-Gabilán Sangil

